

MILES DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE ESTE 1º DE MAIO EN GALICIA POLA SUBA DOS SALARIOS, A CONTENCIÓN DOS PREZOS E MÁIS IGUALDADE

Redacción.- Miles de persoas, convocadas por UGT e CCOO, saíron ás rúas das principais cidades e vilas galegas, para celebrar este 1º de Maio e demandaron a suba dos salarios, a contención dos prezos e máis igualdade.

O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, destacou que este 1º de Maio foi unha xornada para a celebración, orgullo polo conseguido froito da concertación e diálogo social, para defender e esixir que o conseguido se cumpa pero tamén para poñer enriba da mesa vellas reivindicacións non acadadas e novas demandas.

A celebración deste 1º de Maio non escapou ó contexto, empañado pola guerra en Ucraína que está a levar a unha situación de crise económica a nivel mundial pero tamén ó sufrimento inxusto do pobo ucraíno e de moitos cidadáns rusos que están a ser perseguidos polo súa postura en contra desta inxusta guerra. Neste senso, nas manifestacións amosouse a solidariedade con todos eles e con moitos outros pobos onde celebrar esta data e mesmo facer sindicalismo no día a día é causa de represión e persecución.

Fíxose balance da bagaxe positiva coa que se concorreu a esta edición do 1º de Maio, cos acordos en materia de pensións, o SMI, teletraballo, ERTE's ou reforma laboral, froito todos eles do diálogo social e dunha ardua tarefa de negociación e concertación.

Pero a cara negativa deste 1º de Maio foi unha conxuntura económica marcada por un IPC preto do 10% que se non vai acompañado dunha suba de salarios e non se garante a suba das pensións, como algúns xa están a suxerir, conducirá ó empobrecemento das familias deste país.

Neste senso, a postura da CEOE, en relación ó AENC, ten que mudar. Ten que apostar por garantir cláusulas de revisión salarial que aseguren o mantemento do poder adquisitivo das familias. O contrario vai supoñer o conflito e o país, na conxuntura actual, require de pacto e negociación. Pero a cerrazón da patronal pode conducir ó



contrario porque non se pode consentir que sexan os traballadores, cos seus salarios, os que paguen as consecuencias.

O secretario xeral de UGT-Galicia recoñeceu que tanto o Goberno central como o da Xunta adoptaron medidas para paliar a situación, medidas que UGT saúda pero que considera insuficientes. Urxe un maior soporte para os máis vulnerables. Hai en España 9.500.000 persoas con salarios de 1.000 euros ou menos, desempregados, perceptores de pensións non contributivas ou con complementos a mínimos. Cifra que

en Galicia sitúase nas 500.000 persoas, que, de seguro, teñen serias dificultades para chegar a fin de mes. Por iso, urxe habilitar outro tipo de achegas para os máis vulnerables. Finalmente, explicou que neste 1º de Maio leváronse ás rúas outra serie de reivindicacións como a suba do SMI a finais de ano para que este se sitúe no 60% do salario medio do país; seguir avanzando en materia de igualdade; poñer en marcha un plan de loita contra a lacra da sinistralidade laboral; as 32 horas semanais; unha transición ecolóxica xusta; e a reforma dun ET para o século XXI.

A CONTRATACIÓN INDEFINIDA EN ABRIL SUPERA O 40%

O paro baixa en Galicia pero presenta un peor comportamento, tanto no mes como interanualmente, que no resto do Estado

Redacción.- Os datos do paro publicados este mércores polo Ministerio de Traballo e Economía Social e polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións reflicten unha baixada do desemprego en Galicia, tanto no mes como respecto ó ano anterior, aínda que máis leve que no resto do Estado. Así, o desemprego diminúe nesta Comunidade no mes nun 1,78% (2,8% no Estado) e en relación ó mesmo mes do ano anterior, nun 11,8% (22,71% no Estado). Non obstante, o dato máis salientable que arrojan as estatísticas é o relativo á contratación indefinida, que se sitúa en cifras históricas, chegando ó 42,27%. Lembrar que estas cifras xa comezaron a mellorar a inicios de ano, coa posta ne marcha da reforma laboral, pero mes a mes as cifras seguen a mellorar. En marzo a contratación indefinida era do 29,26% e hai un ano, en abril de 2021, do 11,37%.

Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social publicados seguen mostrando unha evolución favorable da creación de emprego, a pesar do contexto internacional e o incremento descontrolado dos prezos. Non obstante, hai que matizar que en Galicia estes son peores que no resto do Estado.

Os datos dos últimos meses permiten constatar que a nova normativa laboral está a ser efectiva para combater as grandes disfuncionalidades do noso mercado de traballo, como a elevada temporalidade e rotación laboral ou o problema de subemprego involuntario.

Desde xaneiro creáronse 74.156 contratos indefinidos

De modo que miles de persoas están a poder acceder a postos de traballo con contrato indefinido, o cal lles asegura condicións máis estables e seguras e, en definitiva, un horizonte de futuro máis digno. Algo que está a permitir o impulso dun tecido empresarial máis produtivo e competitivo, favorecendo unha maior retención e transmisión da experiencia acumulada por parte dos empregados e empregadas.

Con todo, a tendencia positiva en materia de emprego vese comprometida pola prolongación da invasión rusa a Ucraína, que máis aló das graves consecuencias humanitarias, está a intensificar os problemas inflacionistas. A cesta da compra segue encarecéndose, mentres que o custo de produción das em-



presas –sobre todo as electrointensivas– tamén se viu afectado negativamente. Todo iso propiciou un reaxuste á baixa das expectativas de crecemento no noso país, retardando o proceso de recuperación económica e social.

Non se pode baixar a garda

Por iso, UGT-Galicia considera que non é momento de baixar a garda, senón todo o contrario. Hai que seguir despregando medidas que resulten efectivas para salvagardar o emprego, xa que, como se puido comprobar durante a crise derivada do COVID-19, isto supón a mellor receita para saír máis rápido e fortes de contextos de adversidade económica.

O sindicato reivindica como obxectivo esencial a protección do poder de compra dos traballadores e traballadoras e, neste sentido, lembra que os salarios están a crecer moi por baixo do nivel de prezos, ao rexistrar unha subida en convenio do 2,36% ata marzo, en contraste co IPC, cuxa taxa media en 2022 que ascende ao 8%. Se queremos que a actividade económica e a creación de emprego non se vexa freada, é esencial que a clase traballadora non vexa mermada a súa capacidade adquisitiva, pois só a través do sostemento do consumo e a demanda interna lograremos minimizar os efectos negativos do complicado contexto internacional.

Análise dos datos

Continuando coa análise dos datos, estes indican que hai en Galicia un total de 150.602 persoas en situación de desemprego e 3.022.503 no Estado.

Deste total, 6.405 son menores de 25 anos e, en relación ó mes anterior, o paro entre os máis mozos baixou nun 2,7% e en relación a hai un ano nun

7,1%.

Por sexos, o paro baixou entre as mulleres no mes nun 1,96% e un 1,53% entre os homes. No ano a contracción foi do 12,12% no caso dos homes e dun 11,59% entre as mulleres. Estruturalmente, as mulleres seguen a representar o 58% do total do desemprego rexistrado en Galicia, 87.351 mulleres, fronte a 63.251 homes.

Por sectores, no mes o desemprego só se incrementa na industria, nun 0,26%. No resto baixa, nun 1,06% no primario; o 0,66% na construción; o 2,4% nos servizos; e o 0,34% no colectivo de sen emprego anterior. No ano si baixa o paro considerablemente en todos os sectores. O 7,35% no primario; o 15,47 na industria; o 14,47% na construción; o 12,29% nos servizos; e o 0,72% no colectivo de sen emprego anterior.

En termos provinciais, baixa en todas menos en Ourense, onde sube o paro no mes nun 0,28%. Baixa un 2,35% na Coruña; o 2,79% en Lugo; e o 1,56% en Pontevedra. No ano a contracción é forte en todas, do 13,38% na Coruña; 16,2% en Lugo; 9,22% en Ourense; e do 9,81% en Pontevedra.

En materia de contratación, como xa se apuntou en parágrafos precedentes, os datos son moi bos e poden cualificarse de históricos, cunha porcentaxe que chega ó 42,27%. Esta porcentaxe sube ata o 67,4% no caso da agricultura, ó 76,5% na construción; e é o 32,8% na industria; e do 41% no sector servizos.

En canto á cobertura por desemprego, a taxa sitúase no 60%, con 85.612 beneficiarios.

No mes a afiliación á Seguridade Social é en Galicia de 1.033.997, medrando un 0,54%. No ano este incremento foi do 3,19%.

A UXP DE UGT-GALICIA ORGANIZA EN PONTEVEDRA A IV XORNADA GALEGA “ENVELLECIMENTO ACTIVO: VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR”

Redacción.- A Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT está a desenvolver en Pontevedra as xornadas “Envelhecimento activo: vivir máis, vivir mellor” para analizar a situación en que se atopan o que se consideran as columnas fundamentais do estado de benestar: as pensións, os servizos sociais e a dependencia. Estas xornadas arrancaron onte e pecharanse hoxe a última hora da mañá.

O título das xornadas, “Vivir máis, vivir mellor” e unha réplica a aqueles, que con criterios economicistas, propoñen que se ligue a esperanza de vida ó gasto social. É dicir, que se se vive máis haberá que recortar a contía das pensións e outros servizos de vital importancia para as persoas maiores.

Falouse da situación en Galicia e das necesidades sociais da poboación. Particularmente, debateuse sobre o índice de

desenvolvemento dos servizos sociais, que nos permite avaliar o desenvolvemento das estruturas e orzamentos do sistema en Galicia.

Abordouse a situación actual e futura do sistema de dependencia e do sistema público de pensións.

Tamén se falou do “edadismo”, que poderíamos definir como discriminación por idade e que se manifesta en moitos ámbitos da vida: nas institucións e na sociedade en xeral.

Finalmente, analizouse a soidade non desexada, que en Galicia afecta a moitas

persoas maiores.

Nas xornadas interviñeron, entre outros, membros das executivas da UXP de UGT, tanto a nivel de Galicia como estatal, representantes das asociacións de residencias, xerontólogos e unha representación de UGT-Galicia e da CEC de UGT.



PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NO METAL DA PROVINCIA DA CORUÑA CUN SEGUIMENTO MASIVO

Redacción.- UGT, CCOO e CIG convocaron catro xornadas de folga para o sector do metal da provincia da Coruña ante as posicións inmovilistas da patronal no proceso de negociación do convenio.

A primeira destas xornadas foi este xoves, día 5, e acadou un seguimento masivo así como unha ampla participación na manifestación convocada na Coruña para a tarde dese mesmo día.

Ademais deste xoves, hai outras catro xornadas de folga convocadas, os días 12, 18 e 19 de maio, e están chamados máis de 16.000 traballadores

do sector na provincia.

O proceso de negociación do convenio abriuse en outubro de 2019, paralizouse coa pandemia e retomouse hai pouco máis dun ano pero durante todo este tempo a patronal mantivo unha postura inmovilista nas súas propostas que conduce a unha significativa perda de poder adquisitivo dos traballadores, algo inasumible cunha inflación desbocada.

O secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro, insiste en que os



sindicatos levan moitos meses traballando por unha solución razoable que parece non chegar, o que levou á convocatoria destes catro días de folga.

13 DE MAIO, FOLGA NO CONTACT CENTER POR UN CONVENIO DIGNO

En Galicia haberá unha manifestación na Coruña que sairá ás 11.30 do Obelisco

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do contact center están chamados a unha xornada de folga o vindeiro 13 de maio en todo o Estado e en Galicia FeSMC tamén convocou unha manifestación na Coruña para simbolizar o descontento cunha patronal que leva 27 meses ralentizando a negociación do convenio colectivo, sen avances substanciais e deixando por debaixo as condicións dos traballadores do sector das

novas normativas aprobadas, como o SMI, reforma laboral ou Lei do teletraballo. As mobilizacións arrancaron o 22 de febreiro, con manifestacións e os paros parciais do 8 de marzo, cun seguimento masivo.

As propostas de UGT encamiñanse, non só a mellorar as condicións laborais, senón tamén á profesionalización do sector, por ofrecer servizos de valor enga-

dado e por afastarse do estigma de servizos externalizados “low cost”. Toda esta transformación debe producirse coa implicación das grandes empresas clientes, dende grandes entidades financeiras ata aseguradoras ou enerxéticas.

As mobilizacións continuarán ata que a patronal presente propostas asumibles para o presente e que aposten por melloras para o futuro.

UGT CENSURA O INFORME "TORTICERO" DO ADMINISTRADOR DE BARRERAS E PIDE AO XULGADO "MÁIS SENSIBILIDADE"

Redacción.- UGT-FICA-Vigo é unha parte do Comité de empresa, cuxa presidencia está en mans de UGT, comparceron este mércores en rolda de prensa e cualificaron o informe que a administración concursal presentou no xulgado do mercantil no proceso de venda da unidade produtiva de Barreras como "torticero, sesgado e interesado". Neste informe inclínase pola venda a Armón, que só se compromete a manter 20 postos de traballo, sen atender as demandas dos sindicatos que defenden a adxudicación a Gondán, por ser a única oferta viable industrialmente e que subrogaría a todos os traballadores.

O secretario xeral de UGT FICA Vigo afirmou que o informe pon ós traballadores ós pés dos cabalos e agora ten que ser a xuíza a que decida e "agardamos que teña máis sensibilidade coa parte social", aínda que admitiu que hai pouca marxe.

Cualifica como incomprensible que non se atenda a subrogación de toda a plantilla, cando hai carencia de profesionais no sector e os 123 traballadores de Barreras ao longo destes anos demostraron de sobra a

súa profesionalidade e contan cunha ampla experiencia.

Tamén criticou a postura das administracións, especialmente da Xunta, que neste proceso estivo sempre un pouco ausente e foi pouco clara, a pesar das inxeccións de diñeiro público neste estaleiro. Engadiu que aínda está a tempo e pediulle implicación e que, se finalmente se lle adxudica a Armón e hai despedimentos, traballe pola recolocación dos afectados.

Pola súa banda, o presidente do comité de empresa, Sergio Gálvez, cualificou como "xarro de auga fría" para os traballadores o informe. Sobre todo, despois de que tanto a propiedade do estaleiro como a administración lles asegurasen que se terían en conta aos traballadores. Pero, finalmente, primáronse os pagos a provedores, cando estes nin sequera presentaron alegacións. Tamén advertiu que se Armón



se fai coa propiedade terá que repartir a carga de traballo entre catro gradas e que o seu segmento de construción non está encamiñado precisamente ó que o PERTE do naval e o sector considera o futuro.

Comunicou que os servizos xurídicos de UGT están estudando posibles alegacións ou ver como se poden atender as demandas dos traballadores.

A partir de agora, estudarase un calendario de mobilizacións e pediranse xuntanzas coas administracións implicadas.

O SINDICATO ESIXE A DIMISIÓN DO ALCALDE

UGT CONDENA A AGRESIÓN DE JÁCOME A UNHA SINDICALISTA

Redacción.- A Union Comarcal de UGT-Ourense, Valdeorras e Verín condena sen paliativos a agresión que sufriu a compañeira sindicalista de CCOO, Lola Panero, a mans do alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome.

A inexplicable agresión produciuse ás portas do Concello cando a sindicalista dirixíase aos traballadores e sindicalistas do sector do transporte, que declararon unha folga indefinida nos servizos municipais de autobuses.

UGT condena con firmeza este episodio de violencia gratuita e sen sentido, exemplo dunha permanente actitude de desprezo do alcalde a calquera manifestación que non vaia en consonancia coa súa particular visión.

Consideramos que a figura do máximo rexedor municipal debe ser exemplo de respecto, tolerancia e impulsor de boa e pacífica convivencia. O actual alcalde, Pérez Jácome, ten feito da confrontación, o desprezo e a agresión o

seu selo persoal. Nigún destas características pode seguir un minuto máis ao fronte do consistorio ourensán, é inadmisíble.

UGT esixe a dimisión do alcalde Pérez Jácome ou, no caso contrario, que quenes o están a manter na alcaldía, pese ás súas continuas saídas de ton, lle retiren de inmediato o apoio.

Asemade, manifestamos toda a nosa solidariedade coa compañeira agredida.

FEPMC-PONTEVEDRA DENUNCIA UNHA NOVA AGRESIÓN NO ÁLVARO CUNQUEIRO

Redacción.- O sector de seguridade privada de FePMC-Pontevedra denuncia que o pasado domingo un grupo de máis de 20 familiares dun doente ingresado no Álvaro Cunqueiro de Vigo accederon violentamente ó servizo, forcexearon co equipo de seguridade e co persoal sanitario que estaba nese momento

na área de urxencias. O persoal de seguridade viuse obrigado a solicitar o apoio das forzas e corpos de seguridade que desprazaron varias unidades.

FePMC insiste en que as administracións e as empresas de seguridade privada se tomen en serio a si-

tuación que a diario viven os traballadores de seguridade destes centros e o persoal sanitario. Hai que potenciar e mellorar os equipos de seguridade, adecuar as plantillas e equipamentos co fin de garantir en todo momento a seguridades dos traballadores dos centros sanitarios e á dos doentes e as súas familias.

UGT E A LUÍS TILVE RECORDAN A FIGURA DO MESTRE UXETISTA E SOCIALISTA FERNANDO BARCIA

Redacción.- Coa intención de recuperar a silenciada historia do mestre uxe-tista e socialista Fernando Barcia, a Fundación Luís Tilve e UGT participaron na conferencia organizada pola Agrupación Socialista de Santiago na Casa do Pobo, o pasado 2 de maio.

A conferencia correu a cargo do historiador Miguel Paz Cabo, autor da obra “¡Viva la libertad!”, que recolle a memoria de Fernando Barcia, quen lembrou a necesidade de recuperar unha historia que algúns queren esquecer e outros reinterpretar con intereses partidistas, sen respectar a memoria e o pensamento de quen deu a vida polos seus ideais. A súa exposición percorreu a vida de Barcia e as circunstancias que acompañaron a súa experiencia vital, como mestre e un dos fundadores da FETE en Galicia, así como dunha asociación antideshaucios que defendía a obreiros e campesiños. Detido

en 1934, durante a revolución de outubro, foi presidente do Comité de Defensa da República en Compostela, o que non lle impediu interceder, dadas as súas crenzas democráticas, para evitar o linchamento de dous detidos falanxistas. Acto que non lle serviu para eludir o seu fusilamento, o 29 de xaneiro de 1938, trala súa detención unha vez que foi atopado tras unha falsa parede na que levaba escondido case un ano. No momento de ser asasinado din que gritou ¡Viva a liberdade! Con este acto queremos facer que ese grito siga soando mentres haxa poderes que sigan perseguindo a quen defende as liberdades democráticas.

No acto tamén interviñeron o alcalde de Santiago, a secretaria xeral de UGT-



Compostela-Barbanza e o secretario da Fundación Luís Tilve. Todos coincidiron na importancia de recuperar a historia e non perdela de vista e, en canto á figura de Fernando Barcia, destacaron o seu papel no movemento obreiro e como difusor da cultura e da educación entre as clases populares. Hai que lembrar que foi un dos fundadores da federación de ensino de UGT en Galicia.

UGT DEMANDA UN PERMISO PARA COIDADORES DE 5 DÍAS LABORABLES AO ANO

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, destacou que os coidados familiares son a orixe dunha tripla discriminación: de xénero, porque a maior parte das que realizan esta tarefa son mulleres; económica, depende de canto tes e onde vivas poderás ter dereito a uns servizos ou outros; e social porque non todo o mundo pode acceder a eles, aqueles con menos recursos non os teñen.

Tamén lembrou que, segundo un informe da OIT, o investimento en servizos universais de coidado infantil e de coidados de longa duración, a nivel mundial, xerará 299 millóns de empregos ata 2035, empregos directos e indirectos.

Antoñanzas, que fixo estas declaracións durante a súa intervención na mesa redonda sobre “O papel da composición tripartita da OIT –Gobernos, sindicatos e empresas- e do diálogo social do traballo de coidados en España”, sinalou que, “no noso país, ata o momento, non existiu un diálogo social tripartito en materia de coidados” e lembrou que “os interlocutores sociais teñen un papel decisivo, para dignificar e profesionalizar os traballos de coidados”.

Algunhas propostas de UGT son: transpoñer, canto antes, a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á conciliación da vida familiar e vida profesional dos proxenitores e os coidados;

establecer un permiso parental con carácter individual e intransferible de 2 meses para cada proxenitor, e remunerados de modo que se facilite que ambos os proxenitores poidan gozar do permiso parental, ata que o menor cumpra 8 anos.

Antoñanzas, reclamou tamén: un permiso para coidados de 5 días laborables ao ano ao que poden acollerse as persoas traballadoras a fin de prestar coidados ou axudas persoais a un familiar ou a unha persoa que viva no mesmo fogar que o traballador; permisos retribuídos para o coidado familiar, de carácter individual e intransferible, para evitar o abandono temporal do emprego ou a renuncia involuntaria a unha promoción profesional para as mulleres. Neste sentido, sinalou que a retribución dos permisos parentales e permisos para coidados segue sendo unha cuestión pendente no noso país.

Así mesmo, instou a aumentar o investimento en coidados; as prazas de educación de 0 a 3 anos; e dignificar o traballo doméstico e de coidados. Lembrou que o Goberno aprobou o 5 de abril, en Consello de Ministros, a ratificación, do Convenio 189 da OIT, que supón un recoñecemento da achega social e económica deste tipo de



ocupacións.

Por último, no ámbito laboral hai que abordar a desaparición da desistencia, como forma de extinción do contrato; máis protección en materia de saúde; regular e retribuír o traballo nocturno e acabar co abuso das horas de presenza e a xornada estendida.

En definitiva, é preciso “potenciar a coresponsabilidade e implicar ás empresas, administracións públicas e a sociedade no seu conxunto para crear contornos máis favorables para unha distribución máis xusta do tempo e os coidados”. Para iso, é necesario o cumprimento da normativa dos plans de igualdade e medidas retributivas nas empresas e nas administracións públicas e regular tanto os dereitos das persoas traballadoras de coidado, como os dereitos das persoas que reciban coidados, no marco do diálogo social e a negociación colectiva.

URXE MELLORAR A DECLARACIÓN DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Redacción.- Os datos de enfermidades profesionais e enfermidades causadas ou agravadas polo traballo, publicados polo Observatorio de Enfermidades Profesionais (CEPROSS) e de Enfermidades Causadas ou Agravadas polo traballo (PANO-TRATSS), sinalan que no ano 2021 declaráronse unicamente 20.381 enfermidades profesionais, un dato claramente insuficiente que non alcanza nin sequera ás rexistradas antes da pandemia, situándose en niveis de 2016.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia esta clara infradeclaración das enfermidades profesionais e, por iso, reclama establecer a periodicidade para actualizar a Listaxe de Enfermidades Profesionais Española e unha mellora no sistema de notificación e rexistro que permitan facer aflorar todas as enfermidades profesionais ocultas. Esta elevada infradeclaración supón un alto custo, non só para os traballadores e traballadoras que as sofren, os cales se ven privados tanto do recoñecemento social como en termos de prestacións, senón tamén para o sistema público de saúde, ao cal se derivan os custos que deberían ser asumidos polas Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social.

Para o sindicato, chama poderosamente a atención a escasa declaración dos casos de morte por enfermidade profesional, así como dos casos de cancros de orixe profesional. Durante 2021, unicamente rexistráronse a morte de 2 traballadores por enfermidades profesionais e 311 pensionistas de incapacidade permanente derivada dunha enfermidade profesional. Ante isto, desde UGT pedimos que se elabore un rexistro público no que se recollan as mortes rexistradas por enfermidade profesional desde 2007, semellante ás estatísticas de Accidentes de Traballo elabora-

das polo Ministerio de Emprego e Economía Social.

Doutra banda, unicamente recoñécense 49 enfermidades causadas por axentes canceríxenos, das que 25 foron causadas polo amianto. En España estímase que unhas 40.000 persoas morreron pola exposición ao amianto e outras 40.000 morreron nas próximas décadas. É evidente que o sistema non funciona como debería e moitas persoas traballadoras quedan desprotexidas e ademais non reciben a prestación que deberían.

Propostas para a futura Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo

Para UGT, é tamén imprescindible que se modifique o concepto de enfermidade profesional, co fin de que unha enfermidade considérese como profesional cando a causa prevalecente da mesma sexa o traballo, non sendo necesario que o traballo sexa a causa exclusiva como é actualmente. Isto é debido a que moitas patoloxías teñen unha orixe multicausal, como é o cancro de orixe laboral e as enfermidades cardiovasculares.

Ademais, o sindicato demanda a implantación dun programa nacional de vixilancia sanitaria específica para os traballadores expostos á sílice, similar ao que hai para o amianto, e a creación dun rexistro de empresas con risco de exposición á sílice como fórmula idónea para localizar actividades e identificar a traballadores expostos.

UGT xa presentou estas propostas na mesa de negociación da futura Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo, na que tamén expuxemos



que promova a prevención do cancro de orixe profesional, con especial atención ao amianto, ao po respirable de sílice cristalina e o po de madeira como axentes causantes de enfermidade. O radón tamén debería ter un apartado importante, xa que vimos denunciando que 4 anos despois a directiva de radiacións ionizantes segue sen traspoñerse ao noso ordenamento xurídico.

É imprescindible atallar o problema da saúde mental

UGT considera fundamental atallar o problema actual da saúde mental no traballo, coa inclusión das patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais no Cadro Español de EEPP, seguindo o ronsel da OIT, que xa na súa lista de 2010 incluíu os trastornos mentais ou do comportamento, aínda que disto xa pasaron 12 anos. No noso país, en 2021 unicamente recoñécronse como continxencia profesional 72 casos de desordes mentais, tratándose como accidentes de traballo, e non como enfermidade profesional.

Así mesmo, é necesario que se inclúa a Covid-19 na devandito listaxe de enfermidades profesionais para protexer ás persoas traballadoras expostas ao contaxio, seguindo o establecido no Marco Estratéxico Europeo de Seguridade e Saúde no Traballo 2021-2027.

OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DEBEN SER UNHA PRIORIDADE POLÍTICA

Redacción.- UGT reivindica a importancia da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, unha norma integrada no noso ordenamento xurídico, que permite mellorar a calidade de vida das persoas discapacitadas e fomentar a súa inclusión social e laboral.

Con todo, aínda queda moito por facer para erradicar as discriminacións que sofren en todos os ámbitos, e que se acrecentan máis no caso das mulleres. Máis aló dos datos sobre o número das persoas

con discapacidade, a Enquisa de Discapacidade, Autonomía Persoal e Situacións de Dependencia, publicada polo INE en 2020 constata as discriminacións sociais e laborais que sofren estas persoas a pesar dos mecanismos actuais para promover a igualdade de oportunidades.

A súa situación social e laboral (dificultades para o acceso ao emprego, para o seu desenvolvemento profesional ou a súa participación no mercado de traballo); a falta de accesibilidade universal, ou a necesidade de axudas e apoios esixen, sen

máis dilación, a elaboración da próxima Estratexia da Discapacidade, que debe dar unha resposta eficaz ás necesidades das persoas con discapacidade e as súas familias, e debe contar coa participación dos interlocutores sociais. Trátase de dar unha solución integral.

UGT seguirá traballando para que as persoas con discapacidade sexan cidadáns e cidadás de pleno dereito e esixirá que se prioricen na axenda política medidas para superar as discriminacións que sofren.